

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS "ASPANEPS" PARA A ACTUALIZACION E IMPLANTACIÓN DO PROCESO ASISTENCIAL NO EIDO DOS TRASTORNOS DA APRENDIZAXE E TRASTORNOS DE SAÚDE MENTAL RELACIONADOS EN SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 15 de novembro de 2022 coa Asociación ASPANEPS o instrumento convencional arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 31 de decembro de 2022.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto "a realización, por parte da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS", da "actualización e implantación do proceso asistencial no eido dos trastornos da aprendizaxe e trastornos de saúde mental relacionados en saúde mental infanto-xuvenil". Dito programa desenvolverase en coordinación cos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, e a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade"
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no PLAN DE SAÚDE MENTAL posCOVID 19, e a través deste convenio, perséguese avanzar e acadar os obxectivos propostos, en concreto os recollidos no eixo estratéxico "Saúde mental na infancia e adolescencia" e o obxectivo 4.3: favorecer a accesibilidade aos equipos de saúde mental infanto-xuvenil. Para iso este convenio dará amparo ao desenvolvemento do proxecto "Actualización dos procesos asistenciais en patoloxías prevalentes e complexas do ámbito infanto-xuvenil, nos seguintes ámbitos: trastorno Específicos da Linguaxe, Trastorno do Espectro Autista, Trastorno por déficit de atención e Hiperactividade, Trastornos do Aprendizaxe e Trastorno da Conduta Alimentaria.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura dos instrumentos convencionais, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela